

# **OPCIÓN A**



A Consellería do Medio Rural recibe, a través dun concello da comarca do Deza, un escrito coa solicitude para o inicio do proceso de concentración parcelaria dunha das súas parroquias. A solicitude está asinada por 450 propietarios, coincidindo os límites da zona a concentrar cos da parroquia, a cal abrangue unha superficie dunhas 1.013 hectáreas.

Vostede, funcionario da escala de enxeñeiros técnicos agrícolas, que traballa como xefe de sección con destino no Servizo Provincial de Infraestruturas e Estruturas Agrarias, recibe o encargo de elaborar un informe, que servirá de base para que os seus superiores decidan sobre a conveniencia de iniciar os trámites deste proceso de concentración parcelaria.

Considerando os datos que se lle facilitan e os resultados previsibles tendo en conta a súa experiencia noutros procesos de concentración, elabore o dito informe incidindo especialmente nas seguintes cuestións:

1. Circunstancias que poderían xustificar o inicio do proceso de concentración parcelaria. Posibles alternativas.
2. Aspectos ambientais a considerar nas distintas fases do proceso. Posibles medidas a ter en conta co fin de minimizar a incidencia ambiental desta concentración parcelaria. Criterios a considerar para mellorar a integración paisaxística.
3. Criterios de deseño e construción da rede viaria. Seccións tipo. Factores condicionantes no deseño da rede de camiños e no proxecto de acondicionamento dos predios de substitución.
4. Cronograma do proceso de concentración e orzamento estimado. Resultados esperados (nº de predios por propietario, superficie media por predio) considerando un índice de redución de 6.

### **DATOS DA PARROQUIA QUE SE VAI CONCENTRAR**

Nº propietarios: 630

Nº parcelas: 4.750

A parroquia ten unha superficie de 10,1 km<sup>2</sup> sobre a que se reparten uns 290 habitantes (a súa poboación diminuíu nuns 40 habitantes na última década), o que supón unha densidade de poboación duns 29 habitantes por km<sup>2</sup>. A súa economía está baseada fundamentalmente na gandaría, estando rexistradas 45 explotacións de vacún, 5 explotacións avícolas e 4 explotacións de porcino.

A xeomorfoloxía da zona ven caracterizada polo paso do río Toxa que percorre a parroquia de sur a norte. Deste modo hai unha zona chan, de val, cunha altitude de 350- 500 m, que se adica a pastos e ao cultivo de millo e de herba para forraxe. Arredor, flanqueando o val, atópanse montes de certa envergadura (sobre todo no sur da parroquia) como son o Coto da Tella (731 m), Monte Fontao (698 m) e Outeiro Verde (696 m). A pendente do terreo é baixa na zona do val do río Toxa, mentres que para as zonas máis montañosa se chegan a acadar pendentes superiores aos 30°.

A principal vía de comunicación é a estrada provincial CP-2205, ao redor do que se artella unha rede de vías de menor entidade.

No tocante aos usos do solo e unidades de vexetación, os terreos obxecto de concentración comprenden parcelas ocupadas por formacións arbóreas (repoboacións de piñeiro e eucalipto que se mesturan nalgunhas zonas con rodais de carballos), carballeiras máis ou menos puras e ben conservadas nas zonas de val, bosque de galería asociado aos cursos fluviais que cruzan a zona (con presenza de ameneiros, salgueiros, bidueiros e freixos), algúns bosquetes de acivro nas zonas boscosas mellor conservadas, e algúns castiñeiros formando parte dos límites entre parcelas ou nas beiras dos camiños veciñais), monte baixo e prados e cultivos.

A riqueza toponímica da zona é salientable: nomes de entidades de poboación, explotacións agrícolas e forestais, cursos de auga, nomes das vías de comunicación, etc. Os topónimos correspondentes ás parcelas individuais configuran a maior riqueza en diversidade de nomes, sendo estes incluso diferentes para o mesmo lugar en función da familia propietaria ou arrendataria. Esta riqueza é explicable tanto pola particular orografía da zona como pola distribución espacial dos lugares.

A rede hidrográfica da zona a concentrar ven definida polo río Toxa, pertencendo a meirande parte da parroquia á conca do Deza, que a súa vez está integrada na do río Ulla. Unha pequena porción do suroeste da parroquia pertence á conca do Umia.

Limítrofe na parte oeste coa zona a concentrar atópase o espazo natural protexido “*Brañas de Xestoso*” (que ostenta as categorías de Lugar de Importancia Comunitaria -LIC- e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais -ZEPVN-).

Repartidos pola zona existen formacións de arboredo autóctono (*Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica* -código 9230-), vexetación de ribeira (hábitat de interese comunitario 91E0\*), así como numerosos pés de acivro *Ilex aquifolium*.

Na zona detectouse a presenza de aves rapaces (entre outras Azor, Gabián e Miñado), moitas de cuxas especies ostentan figuras legais de protección ou figuran en diversos catálogos e publicacións como o Catálogo galego de especies ameazadas e o *Libro Rojo de las Aves de España*.

En canto á pesca, o río Toxa conta cun coto de pesca de 10 km dos cales aproximadamente 1 km se encontra dentro da área de concentración na zona norte.

Entre os elementos patrimoniais da zona destaca un asentamento castrexo, Castro de Sestelo (GA 36052087), unha antiga explotación mineira da época romana, Mina dos Mouros (GA 36052A30), e o achado a principios do século XIX dunha Ara romana (GA 36052A30) así como un asentamento que probablemente tivera un orixe castrexo, o Coto do Castelo do Souto (GA 36052034). En relación ao patrimonio arquitectónico relixioso habería que destacar a igrexa de Santa María. No capítulo etnográfico é relevante a existencia de 18 muíños repartidos pola ribeira do río Toxa.

Cartografía que se facilita

- Fotografía aérea
- Plano de viales existentes
- Plano de unidades ambientais
- Plano de elementos arqueolóxicos
- Plano de espazos protexidos
- Plano de hidroloxía



## **OPCIÓN B**



Un mozo, titular dunha explotación sita na conca do río Miño, orientada principalmente á produción de vacún de leite, quere diversificar a súa actividade dada a coxuntura actual do sector, polo que está estudando a posibilidade de establecer unha plantación de maceiras. No seu concello hai 40 has de terreo agrícola abandonado cunha pendente inferior ao 12% e unhas condicións edáficas e climáticas óptimas para este cultivo. Por outra banda a propiedade da terra nesa zona atópase moi fraccionada.

O dito agricultor actualmente dispón dunha superficie de 2,5 has de terreo que podería adicar a este cultivo e está considerando a posibilidade de ampliar a superficie ata 10 hectáreas e asociarse con outros produtores da zona, todo iso co fin de obter una maior rendibilidade.

Tendo en conta que vostede é un funcionario da escala de enxeñeiros técnicos agrícolas na Oficina Agraria Comarcal competente, solicítaselle que:


- A) Emita informe en relación coa posible plantación de maceiras sobre as seguintes cuestións, explicando brevemente as posibles axudas ás que, se é o caso, se podería acoller:
1. Traballos necesarios para a posta en marcha da plantación, (infraestruturas, preparación do solo, densidades, patróns, variedades, fertilización, podas, tratamentos, colleita, rego, etc).
  2. Procedemento para a creación dunha sociedade cooperativa: requisitos necesarios, achegas de capital, tipos de cooperativas.
- B) Conteste ás seguintes cuestións relativas á explotación de vacún de leite deste mozo, tendo en conta os datos que se lle facilitan no anexo I, así como as recomendacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias:
1. Número de UGM da explotación, así como a súa carga gandeira a partir da superficie aproveitable.
  2. Capacidade mínima e criterios de deseño das fosas de xurro, considerando un período de almacenamento de 6 meses.
  3. No caso de que a carga gandeira da explotación fose superior a 2,5 UGM/ha, que medida ou medidas proporía para non exceder ese valor?. Cuantifíquea/s.
  4. No contexto desta explotación, e partindo dunha carga gandeira de aproximadamente 2,5 UGM/ha, realice unha proposta de fertilización nitroxenada, considerando que a calidade dos terreos é homoxénea no conxunto da explotación e supoñendo que se producen tres aproveitamentos anuais, cunha produción total media de 13 t de materia seca por hectárea ao ano.

## Anexo I

Explotación de vacún de leite sito na conca do río Miño con 20 vacas da raza frisona, cuxa produción media anual é de 9.000 kg de leite por cabeza e cota láctea de 180 t/ano. A relación de leiras que posúe son as que se relacionan na seguinte táboa e descríbense no gráfico:

	Sup (ha)	Perimetro (m)	Uso	Lonx cauce* m.
1	0,2365	210	Pradeira	0
2	0,0916	122	Improdutiva	0
3	0,0448	116	Improdutiva	0
4	0,0342	76	Improdutiva	0
5	0,2161	211	Pradeira	0
6	1,9147	625	Pradeira	0
7	0,0306	93	Pradeira	0
8	0,2240	250	Pradeira	0
9	0,8721	389	Pradeira	0
10	0,2851	222	Pradeira	65
11	1,3877	463	Pradeira	108
12	0,3028	231	Pradeira	52
13	0,6318	412	Pradeira	69
14	1,8284	634	Pradeira	0
TOTAL	8,1003			

\* Lonxitude do borde da parcela polo que transcorre un curso de auga



Distribucion do rabaño	
Vacas en produción	20
Xatos entre 12 e 24 meses	5
Xatos entre 6 e 12 meses	4
Xatos menores de 6 meses	2
Nº TOTAL CABEZAS	31

Composición xurro de explotación		
N	3,10	kg/m3
P2O5	1,40	kg/m3
K2O	3,60	kg/m3

Gando	UGM/cab
Vacas en produción	1
Xatos entre 12 e 24 meses	0,6
Xatos entre 6 e 12 meses	0,6
Xatos menores de 6 meses	0,2

3. Producción de xurro anual en animais estabulados permanentemente...18 m<sup>3</sup>/UGM ano.